

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**13430** *Real decreto 1013/2013, do 20 de decembro, polo que se establecen disposicións específicas para a aplicación no ano 2014 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable aos réximes de axuda comunitarios establecidos no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

Tal e como xa se reflicte no antepenúltimo parágrafo do preámbulo do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, «o 12 de outubro de 2011 a Comisión Europea presentou as propostas legislativas relativas á «PAC no horizonte de 2020», que constitúe a base dos debates sobre a reforma da PAC até alcanzar o acordo que permita a súa aplicación a partir de 2014». Desta maneira, o ano 2014 tería sido o primeiro de aplicación da nova PAC, e da nova normativa básica ditada para a súa aplicación en España. Non obstante, nestes momentos estase aínda debatendo no seo da Unión Europea a regulamentación que establecerá o novo marco da PAC até 2020, polo que esta non vai ser aplicable integramente desde o 1 de xaneiro de 2014. Esta situación fai imprescindible ter en conta o réxime regulador dos pagamentos directos no ano 2014 como exercicio de transición até que sexa aplicable na súa totalidade a nova normativa da PAC, incluídos os ditos pagamentos, o cal ocorrerá en 2015. Así, resulta necesario, para a seguridade xurídica, clarificar o mantemento do actual marco regulador para estas axudas, nos termos que se establecen para 2013, ao mesmo tempo que se prevén as necesarias garantías para a súa adecuación ás eventuais modificacións que se poidan recoller nas normas da Unión Europea que serán de aplicación unicamente ao exercicio de 2014, como ano de transición.

Isto fai preciso ter en conta a posibilidade, altamente probable dado o estado actual de tramitación da nova regulamentación na Unión Europea, dun atraso no inicio do prazo de presentación de solicitudes, pois non é previsible que estes regulamentos estean publicados e en vigor antes do 1 de febreiro de 2014. Por isto, débese establecer, só para 2014, un novo prazo comprendido entre o 1 de marzo e o 15 de maio inclusive, ben que, co fin de prever posteriores modificacións, se determina que se dea a adecuada publicidade ao prazo de presentación da solicitude única, unha vez que este sexa fixado con carácter definitivo, a través da páxina web do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Así mesmo, prevese a posibilidade de modificacións no escenario financeiro para o ano 2014, en función da nova regulamentación específica que aprobará a Unión Europea, que establecerá, en tal caso, unha adecuación nas dispoñibilidades orzamentarias para España mediante un rateo lineal para cada liña de axuda.

Sen prexuízo disto, dada a aplicabilidade e eficacia directas da mencionada nova regulamentación, non cómpre establecer previsións adicionais no noso ordenamento xurídico, máis aló de prever a non aplicación daqueles aspectos que se poidan opor á nova normativa europea, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Finalmente, prevese modificacións menores de tipo técnico no Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, para unha mellor aplicación deste. Así, modifícase o artigo 9.2 no relativo ás variedades de cánabo para actualizar a lista de variedades cuxo cultivo

está permitido. En relación co sector dos froitos de casca, considérase necesario manter, por un ano máis, a prórroga da axuda nacional por superficie, co fin de amortecer os efectos derivados do cambio de réxime da axuda comunitaria, no seu terceiro ano de aplicación como axuda dissociada, para ter unha transición ordenada. En materia gandeira, modifícase o citado real decreto para flexibilizar o financiamento da prima nacional complementaria á vaca nutriz recollendo a posibilidade de financiamento por parte das comunidades autónomas e para equiparar o arredondamento da unidade entre a prima á vaca nutriz e a axuda específica con base no artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 xaneiro de 2009. Por último, modifícase o anexo VI para proceder á inclusión do «Garbanzo de Escacena» entre as indicacións xeográficas protexidas enumeradas dentro do Programa nacional para o fomento da calidade das leguminosas.

Na elaboración da presente norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de decembro de 2013,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable, para o ano 2014, aos réximes de axuda a que se refire o artigo 1 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería, como exercicio de transición até que sexa aplicable a nova política agraria común reformada.

2. O presente real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional, salvo na Comunidade Autónoma de Canarias, onde se aplicarán os seus programas específicos.

##### Artigo 2. *Pagamentos directos e réximes de axuda no ano 2014.*

No ano 2014 serán de aplicación os réximes previstos no Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, nos termos que se establecen para 2013, salvo en todo aquilo que se opoña ou contradiga o contido deste real decreto e da regulamentación que aprobe para o efecto a Unión Europea para o dito exercicio, comprensiva do ámbito de aplicación deste.

##### Artigo 3. *Aplicación da nova regulamentación da Unión Europea.*

1. En caso de que do contido da nova regulamentación da Unión Europea, relativa aos réximes de axuda a que se refire o artigo primeiro deste real decreto, deriven modificacións nas novas dispoñibilidades financeiras, estas serán rateadas para cada liña de axudas.

2. Unha vez que sexa publicada a regulamentación específica que aprobe para o efecto a Unión Europea para o exercicio 2014, darase publicidade ás dotacións financeiras para cada liña dos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común; esta pódese consultar na páxina web do Fondo Español de Garantía Agraria (<http://www.fega.es/>).

##### Disposición adicional única. *Modificacións técnicas no réxime de pagamentos directos para o ano 2014.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2014, o Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, queda modificado como segue:

- a) O número 2 do artigo 9 substitúese polo seguinte:

«2. No caso de destinar as parcelas ao cultivo de cáñabo, só se poderán utilizar sementes certificadas das variedades que figuran no «Catálogo común das variedades de especies de plantas agrícolas» na data do 15 de marzo do ano respecto ao cal se concede o pagamento, e publicadas de conformidade co artigo 17 da Directiva 2002/53/CE, referente ao Catálogo común das variedades das especies de plantas agrícolas.»

- b) O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Os agricultores con plantacións de amendoeira, abeieira, nogueira, pistacho e alfarrobeira, que cumpran as condicións que se recollen no seguinte artigo, poderanse beneficiar dunha axuda nacional por superficie para os anos 2012, 2013 e 2014.»

- c) O artigo 25 modifícase como segue:

«As axudas por vaca nutriz, establecidas no artigo 111 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, son de dous tipos, prima por vaca nutriz cuxo importe unitario base é de 186,00 euros por cabeza e prima complementaria por vaca nutriz.

Os límites nacionais determinaranse atendendo ao establecido no artigo 53 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, e na sección 11 do título IV.»

- d) O artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os beneficiarios da prima por vaca nutriz poderán obter unha prima complementaria para o mesmo número de cabezas.

2. O financiamento desta prima complementaria efectuarase da seguinte forma:

a) Con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) se as explotacións se encontran nalgunha das rexións establecidas na normativa comunitaria para o efecto. O importe unitario será de 22,46 euros por cabeza.

b) Con cargo aos orzamentos xerais do Estado, que se transferirán ás comunidades autónomas de acordo co disposto no número 2 do artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, e que se poden complementar con cargo aos orzamentos das comunidades autónomas, até un importe unitario máximo total de 22,46 euros por cabeza, se as explotacións se localizan noutras rexións, supeditado en todo caso ás dispoñibilidades orzamentarias correspondentes.»

- e) O número 1 do artigo 41 modifícase como segue:

«1. En virtude do número 1, letra a), inciso v), do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, apróbase un programa para o fomento de actividades agrícolas específicas que reporten maiores beneficios agroambientais no sector dos froitos de casca, polo que se concederán unhas axudas específicas aos agricultores que produzan amendoas, abelás, noces e alfarrobas, no período 2012, 2013 e 2014.»

- f) O artigo 65.1 substitúese polo seguinte:

«1. Os pagamentos concederanse aos agricultores, teñan ou non dereitos de prima por vaca nutriz dos mencionados no artigo 26.1.a), polas vacas nutrices que manteñan durante o período de retención, que será de polo menos seis meses sucesivos a partir do día seguinte ao de presentación da solicitude. Non obstante o anterior, para a campaña 2012 a duración do período de retención será de cinco

meses e a determinación da carga gandeira, para efectos deste artigo, calcularase tendo en conta a media de cinco días, considerando o primeiro día de cada mes do período de retención.

Non se admitirá un número de xovencas superior ao 40 por cento do número total de animais obxecto de subvención.

En caso de que o cálculo do número máximo de xovencas, expresado en forma de porcentaxe, dea como resultado un número fraccionario de animais, o dito número arredondarase á unidade inferior se é inferior a 0,5 e ao número enteiro superior se é igual ou superior a 0,5.»

g) O artigo 87.2 substitúese polo seguinte:

«2. O prazo de presentación da solicitude única, para o ano 2014, iniciarase o 1 de marzo e finalizará o día 15 de maio do mencionado ano, incluído, salvo que deriven outras datas do contido ou da data de aplicación da nova regulamentación da Unión Europea relativa aos réximes de axuda a que se refire este real decreto. As solicitudes poderanse presentar en calquera dos lugares previstos no número 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, admitiranse solicitudes de axudas até 25 días naturais seguintes á data de finalización do prazo establecido, neste caso e coa excepción dos casos de forza maior e circunstancias excepcionais, os importes reduciranse un 1 por cento por cada día hábil en que se supere a dita data. Se o atraso é superior a 25 días naturais, a solicitude considerarase inadmisibile.

A redución mencionada no parágrafo anterior tamén será aplicable respecto á presentación de contratos ou declaracións e outros documentos ou xustificantes que sexan elementos constitutivos da admisibilidade da axuda de que se trate, segundo o previsto na normativa comunitaria.

Darase publicidade ao prazo de presentación da solicitude única, unha vez que sexa fixado con carácter definitivo; este pódese consultar na páxina web do Fondo Español de Garantía Agraria (<http://www.fega.es/>).»

h) Na parte II, «Denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas», do anexo VI engádesse a seguinte indicación xeográfica protexida:

«IXP Garbanzo de Escacena.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE